

OBRADOIRO EMOCIÓNATE

ASAC ASOCIACIÓN DE ALTAS CAPACIDADES DE GALICIA



MONITORA: Vanesa Blanco (Psicóloga)

OBXECTIVO XERAL:

Emociónáte é un obradoiro centrado fundamentalmente no desenvolvemento socio emocional das nenas e nenos con precocidade intelectual. Ó contrario que ocorre nalgúns escenarios de ensinanza máis formais nos que as emocións e os afectos son relegados a un segundo plano, neste obradoiro é de gran importancia concederlles o valor que teñen para o correcto desenvolvemento da persoa.

As nenas e nenos con alta capacidade intelectual reciben moita información con carga emocional que normalmente non son que de asumir debido a que o seu desenvolvemento intelectual e emocional non van parellos (é o que se coñece co nome de disincronía). Trátase, polo tanto, de facilitar a estas cativas/os as ferramentas necesarias para atender, comprender e valorar as emocións no seu contexto e deste xeito sentar as bases dun desenvolvemento equilibrado e integral como persoas.

Mediante actividades lúdicas preténdese, por un lado, que a nena/o chegue a **coñecerse mellor a si mesma/o** e a expresarse na súa individualidade, recoñecendo os seus propios sentimentos e intencións. Trátase, polo tanto, de que comprendan o que senten e logren expresalo, xa que poden posuír o vocabulario necesario e un bo razoamento e, sen embargo, non utilízalos para a expresión das súas emocións.

Por outra banda, promóvese o contacto entre os membros do grupo e as relacións sociais para chegar a coñecer tamén os sentimentos e intencións dos demais e así

traballar as habilidades sociais como a **asertividade** e a **empatía**. Búscase que o obradoiro sexa un espazo de expansión, de apertura e de descubrimento.

EXEMPLOS DE ACTIVIDADES:

Neste obradoiro os contos adquiren un papel primordial, xa que sobre as súas historias apóianse outras actividades, por exemplo, a realización de marionetas ás que se lles pode cambiar a expresión facial, traballo con distintos tipos de imaxes ou música, realización de murais, etc. A esta idade os contos serven de ferramenta coa que traballar coas nenas e nenos xa que permiten que estas/os se identifiquen cos seus personaxes, promoven a empatía e fomentan a participación.

ENLACES E/OU RECURSOS DE INTERESE:

A continuación recóllense enlaces dalgúns libros moi recomendables cos que se traballa no obradoiro

<http://www.casadellibro.com/libro-cuentos-para-sentir-educar-las-emociones/9788434894129/891923#modSipnosis>

<http://www.casadellibro.com/libro-cuentos-para-sentir-t-ii-educar-los-sentimientos/9788434895867/934645>

<http://editorialcepe.es/33-cuento-contigo>

